

EXERCICIOS DE REPASO

1.- Acentúa as palabras que o precisen:

Se non lle das a bola de aceiro a ela, non che fara os nos na corda.

Vos partisteslle un oso do cranio sen do ningun do pobre rapaz.-

Subiu rapidamente as habitacions do sobrado, a casa estaba soa, acercouse a fiestra e viuño.

Mentres camiñaba pensou: “compre ter tino co rapaz, non fai mais que porme nerviosa, so acougo cando ven canda min; ademais, non para de rubir as arbores vellas con aquelas polas tan miudas, calquera dia cae delas e rompe un oso”.

2.- Pon en feminino estas frases:

O gardián era ferrolán.- Ese varón é un folgazán.- Aquel xudeu non era pagán.- Algúns cidadáns son musulmáns.-Ese carneiro está san.- Na antiga cerimonia o príncipe xudeu nomeou herdeiro ó profeta hebreo.-Un cidadán testemuñou perante un escribán que o gardián era un vilán de moi mal xenio.- Ten dous irmáns xemelgos tan lercháns que semellan bacoriños no seu cortello.

3.- Pon en plural estas palabras:

barril	cartafol	fráxil	réptil
téxtil	vagalume	pel	dolmen
azul	pé de cabra	aerosol	

4.- Completa cunha partícula comparativa (se hai varias posibilidades, indícaa):

- a) Nós estamos tan atentas _____ vós.
- b) Voas máis alto _____ ti quixeses voar.
- c) Tiña tanta sona _____ dicían.
- d) Este país é menos violento _____ me dixeron.
- e) Antía é máis riseira _____ ti.

5.- Corrixe os castelanismos destas frases:

1. Viña unha parexa pola calle e pedíronme fuego, pero eu non tiña cerillas.
2. Non debes salar tanto a merluza,bótalle máis laurel.
3. Teño mala salude por mor do traballo na fábrica de escobas.
4. Se o precio do alquiler é alto recházao.
5. Baixeime do autobús cando veu a viuda.
6. A sal iodada é moi boa contra o bocio:.
7. Realizou un análisis da situación.
8. Quero un vaso de leite fría..
9. Fervíalle a sangre nas venas.

6.-Substitúe os obxectos directos e indirectos por pronomes átonos:

- a) Non quere ben a seu avó:
- b) Dei moitas gracias a todos:
- c) O arquitecto que proxectou o museo para os coruñeses era nipón:
- d) Eu non acordo xa aqueles tempos:
- e) Pedro quere comprar unhas bonecas a María e tamén a ti:
- f) Trouxo os libros ós alumnos do nocturno:
- g) O profesor suspendeu a Pedro por non facer ben o exame:
- h) Saúda a teu irmán da miña parte:
- i) Aprendeu ós seus alumnos contos dos irmáns Grimm:
- l) Veu a enfermeira poñer unha inxección ó enfermo:
- m) O neno case colleu os pexegos a seu tío:
- n) Non deixo ir a miña filla á festa.

7.- Completa os enunciados introducindo as formas entre parénteses no lugar apropiado. Se hai máis de unha posibilidade, faino constar:

- a) Xa dei....., pois necesitaban..... de verdade (llelo, o).
- b) Está a chover, así que deixamos..... para outro día (o).
- c) Non debemos..... gardar..... nós, é mellor que faga..... ela (a, o).
- d) Que traes..... aí! Seica deron..... a paga extra (me, che).
- e) Seguramente chama..... hoxe, ti espera a que faga..... el (te, o).
- f) Non, dixer..... que non podías..... facer..... (che, o).
- g) Disque deron..... hoxe unha carta e que puxo..... a chorar (lle, se).
- h) Só chamei para dicir..... que temos..... que facer..... canto antes (che, o).
- i) Espera, non vaías....., agora traio..... (te, cho).

8.-A) Transforma os seguintes enunciados introducindo un dativo de solidariedade:

- a) Era unha noite propicia para dar un paseo pola praia.
- b) Síntoo, pero non sei onde está esa rúa.

B) Transforma os seguintes enunciados introducindo un dativo de interese:

- a) Non serás un deses que renuncian coa primeira dificultade?
- b) O noso pequeno non come nada ben ultimamente.

9.- Transforma os seguintes enunciados introducindo axeitadamente o posesivo distributivo:

- a) O árbitro ensinoulles aos dous xogadores unha tarxeta amarela.
- b) Hoxe, María e mais eu, recibimos unhas cartas.
- c) Elixinlles uns pantalóns para os nosos fillos.
- d) Os rapaces levaban unha pelota cada un.

10.- Indica a función sintáctica dos pronomes, identificando os dativos de solidariedade ou de interese que aparezan nos seguintes enunciados:

- a) Paríucheme catro cadelas que dá gloria velas.
- b) Gústacheme ben pouco que ande con ese.
- c) Ela non lle é nada tímida, o que lle ten é respecto.
- d) Fóichelleme moi ben esa crema a meu fillo, agora case a move de todo.

11.- Substitúe o subliñado por pronomes átonos e xustifica a súa colocación. De haber varias posibilidades de colocación, indícaa.

Desde que a Galicia lle confiscaron a palabra.

Teremos que ir logrando unha comunidade civilmente integrada.

A chuvia das térmicas danou os glaciares e abetos escandinavos.

Seica deu cinco moedas de ouro a estes rapaces

12.- Pon en plural as seguintes frases:

- O xoves sempre poño café para o meu convidado favorito, o que me regalou un balón.
- Nunca excede o nivel de alcol permitido para conducir.
- Son tan langrán que espero que constrúan un hotel na Coruña para non ter que saír fóra de vacacións.
- Non é fácil nin difícil o exame para cónsul.
- Que xentil foi o doutor co inútil do teu fillo!.
- Despois do café non me move do sofá nin un coronel caníbal.
- Gústame o animal esculpido nese capitel.
- No xardín da casa do edil canta un pardal.
- No mellor zoo do mundo non hai réptil tan túzaro como na casa do meu amigo.
- O funil utilízase para pasar o viño da pipa á botella.
- O pasado luns miña irmá viu un animal moi raro, parecía un sapo-concho.
- No cartafol non lle collía todo o papel.
- Este val é moi fértil e agradable.
- O caracol de Xosé gañou o campionato mundial da súa especialidade.
- A estrela de mar non é hostil ó ollomol.
- Estableceu un símil moi difícil de comprender.
- Pon o mantel da mesa grande e vai traendo o pemento cru.
- O redactor-xefe dese xornal foi un heroe ocasional.
- O automóbil de teu irmán non respectou o semáforo e atropelou o peón.